

O exame consta de dúas partes e cinco preguntas, unha obrigatoria na Parte 1, valorada con 6 puntos, e catro na Parte 2, das que deberá responder dúas, valoradas con 2 puntos cada unha; se responde máis, as últimas serán descartadas.

PARTE 1

PREGUNTA 1. A partir dos seguintes documentos, faga unha composición histórica na que explique brevemente a **expansión do colonialismo**. Non se trata de que resuma os documentos, nin que analice illadamente cada un deles, senón de que elabore un comentario persoal ténndoos en conta e complete esa información con outros datos que coñeza. **(6 puntos)**

Documento 1. Discurso do primeiro ministro francés, Jules Ferry, ante a Cámara de Deputados (28 de xullo de 1885):

“A primeira forma de colonización é aquela que ofrece un lugar onde vivir e traballo ao excedente de poboación dos países pobres ou dos que teñen un continxente humano excepcional. Pero hai outra forma de colonización que afecta aos pobos que contan con excedentes de capitais ou de produtos. Esta é a forma moderna. As colonias constitúen para os países ricos unha inversión das máis vantaxosas (...). Afirmo que a política colonial de Francia, que a política de expansión colonial, a que nos impulsou a ir, baixo o imperio, a Saigón, á Conchinchina, a que nos conduce en Tunicia, a que nos levou a Madagascar, afirmo que esta política (...) está fundada nunha realidade sobre a que é necesario chamar por un instante a vosa atención, a saber, que unha mariña como a nosa non pode navegar sobre a superficie dos mares sen refuxios sólidos, defensas, centros de avituallamento. As nacións, no noso tempo, non son grandes pola actividade que desenvolven nin polo brillo pacífico das súas institucións. É necesario que o noso país se poña a facer o que os demais e, posto que a política de expansión colonial é o móbil xeral que importa no momento actual ás potencias europeas, hai que tomar partido no seu favor”.

Documento 2. A *Pax Britannica* segundo o empresario e estadista Joseph Chamberlain, 1897:

“O que agora sentimos é que o noso dominio sobre aqueles territorios só pode xustificarse se demostramos que aumenta a felicidade e prosperidade dos pobos, e eu sosteño que o noso dominio ten levado e leva seguridade, paz e maior prosperidade a países que nunca tiñan coñecido antes tales beneficios.

Ao levar a cabo esta tarefa civilizadora, estamos a cumprir o que eu creo que é a nosa misión nacional, ao tempo que atopamos a ocasión de poñer en práctica as calidades e potencialidades que fixeron de nós a gran raza gobernante. Non estou a afirmar que o noso éxito fose total en calquera caso, nin que os nosos métodos estiveran fóra de calquera reproche. Pero manteño que case en calquera lugar no que o dominio da raíña fose establecido e se impuxera a gran *Pax Britannica*, con ela chegou unha maior seguridade para a vida e a propiedade, e unha mellora material das condicións da meirande parte da poboación”.

PARTE 2

PREGUNTA 2. Garilbadi e a unificación italiana **(2 puntos)**

PREGUNTA 3. Os inicios da revolución rusa **(2 puntos)**

PREGUNTA 4. A Guerra de Secesión americana **(2 puntos)**

PREGUNTA 5. Orixes e proceso de construción da Unión Europea **(2 puntos)**

El examen consta de dos partes y cinco preguntas, una obligatoria en la Parte 1, valorada con 6 puntos, y cuatro en la Parte 2, de las que deberá responder dos, valoradas con 2 puntos cada una; si responde más, las últimas serán descartadas.

PARTE 1

PREGUNTA 1. A partir de los siguientes documentos, haga una composición histórica en la que explique brevemente la **expansión del colonialismo**. No se trata de que resuma los documentos, ni que analice aisladamente cada uno de ellos, sino de que elabore un comentario personal teniéndolos en cuenta y complete esa información con otros datos que conozca. **(6 puntos)**

Documento 1. Discurso del primer ministro francés, Jules Ferry, ante la Cámara de Diputados (28 de julio de 1885):

“La primera forma de colonización es aquella que ofrece un lugar donde vivir y trabajo al excedente de población de los países pobres o de los que tienen un contingente humano excepcional. Pero hay otra forma de colonización que afecta a los pueblos que cuentan con excedentes de capitales o de productos. Esta es la forma moderna. Las colonias constituyen para los países ricos una inversión de las más ventajosas (...). Afirmo que la política colonial de Francia, que la política de expansión colonial, la que nos ha impulsado a ir, bajo el imperio, a Saigón, a la Conchinchina, la que nos conduce en Tunicia, la que nos ha llevado a Madagascar, afirmo que esta política (...) está fundada en una realidad sobre la que es necesario llamar por un instante vuestra atención, a saber, que una marina como la nuestra no puede navegar sobre la superficie de los mares sin refugios sólidos, defensas, centros de avituallamiento. Las naciones, en nuestro tiempo, no son grandes por la actividad que desarrollan ni por el brillo pacífico de sus instituciones. Es necesario que nuestro país se ponga a hacer lo que los demás y, puesto que la política de expansión colonial es el móvil general que importa en el momento actual a las potencias europeas, hay que tomar partido en su favor”.

Documento 2. La *Pax Britannica* según el empresario y estadista Joseph Chamberlain, 1897:

“Lo que ahora sentimos es que nuestro dominio sobre aquellos territorios sólo puede justificarse si demostramos que aumenta la felicidad y prosperidad de los pueblos, y yo sostengo que nuestro dominio ha llevado y lleva seguridad, paz y mayor prosperidad a países que nunca habían conocido antes tales beneficios.

Al llevar a cabo esta tarea civilizadora, estamos cumpliendo lo que yo creo que es nuestra misión nacional, al tiempo que encontramos la ocasión de poner en práctica las cualidades y potencialidades que han hecho de nosotros la gran raza gobernante. No estoy afirmando que nuestro éxito haya sido total en cualquier caso, ni que nuestros métodos hayan estado fuera de cualquier reproche. Pero mantengo que casi en cualquier lugar en el que el dominio de la reina ha sido establecido y se ha impuesto la *gran Pax Britannica*, con ella ha llegado una mayor seguridad para la vida y la propiedad, y una mejora material de las condiciones de la mayoría de la población”.

PARTE 2

PREGUNTA 2. Garibaldi y la unificación italiana **(2 puntos)**

PREGUNTA 3. Los inicios de la revolución rusa **(2 puntos)**

PREGUNTA 4. La Guerra de Secesión americana **(2 puntos)**

PREGUNTA 5. Orígenes y proceso de construcción de la Unión Europea **(2 puntos)**